



A titoría, unha ponte entre familia e escola.

O proxecto de investigación como marco interactivo en Educación Infantil

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 30-31

Beatriz Teixeira Presas

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

beatrizteixeira@edu.xunta.es

Hai unha cuestión certa, amparada por evidencias empíricas e fixada no desenvolvemento legislativo español: familia e escola deben entenderse para conseguir unha ensinanza integral e de calidade. Esta necesidade abrollou á beira da Lei Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa (1970) que deu nacemento á acción titorial, consolidando a importancia da participación parental na aula. A normativa seguinte (LOXSE, LOE, LOMCE, Decreto 374/1996 do 17 de outubro) mantivo esta situación, ampliando as fronteiras da implicación familiar e potenciando a relación titor-pais. Nestes termos, o beneficiario do proceso é o alumno, ao xuntarse os dous

axentes socializadores centrais (microsistema) de acordo coa teoría ecolóxica (Bronfenbrenner, 1987), de forma que a súa coordinación adecuada debería conducir á calidade no ensino. Isto xera a necesidade de planificar estratexias e actividades propulsoras da cooperación holística na aula, polo que se expón unha aproximación práctica ao funcionamento da titoría como eixo da relación coa familia na educación infantil.

O LOBO E A TRADICIÓN ORAL. USOS DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN COMO MARCO DE COOPERACIÓN

A observación en canto ao interese e fascinación sentida polo

alumnado de tres anos respecto á figura do lobo fixo xermolar un proxecto de investigación sobre o mesmo, contextualizado nunha aula da cidade de Pontevedra. Brotou como un eixo motivador idóneo dende o que abordar tódalas competencias curriculares e como recurso de cooperación coas familias dende diversas perspectivas. O alumnado, os seus pais e avós involucráronse nun proceso conxunto co obxectivo de descubrir as características do animal e algúns textos de tradición oral relacionados con el. Nesta liña, as oportunidades de participación familiar multiplicáronse, expandíndose ao longo de tres fases:

- **Fase 1. Descuberta dos coñecementos previos e organización da investigación:** O proxecto botou a andar a partir da formulación dunha pregunta: "que sabedes do lobo?" Isto xerou unha asemblea chea de incertezas, ao tempo que existiron respostas influenciadas polos contos infantís ("aliméntase de Carapuchiñas", "é malo"...). Naceron moitas dúbidas e o alumnado decatouse do baleiro en canto ás súas ideas previas, producíndose un desequilibrio inicial nos seus conceptos que orixinou a necesidade de buscar información. Isto esixiu un segundo paso: a planificación e organización da investigación que significou tamén o inicio da comunicación coa familia.

- **Fase 2. Investigación:** Nesta etapa a relación coa familia intensificouse requirindo a súa participación constante en variedade de accións (decoración da aula, visitas e achegas documentais e materiais). Destacou a diversidade de contos e información recibida, case sempre a través de murais ou textos descritivos acompañados de imaxes. Analizámola a partir da lectura ao alumnado, establecemento dun diálogo colectivo, resolución de dúbidas e rolda de opinións por quendas con contribucións libres, acadando

unha elevada motivación e participación dos nenos que se animaron a expoñer o seu material.

A un tempo, fíxose unha petición particular: a achega de elementos propios do monte, o que implicou a saída familiar ao hábitat do lobo, recollendo diversas plantas que moitos pequenos nunca viran. Contouse, tamén, con diferentes visitas de avós, pais e irmáns que narraron contos tradicionais e actuais, achegando datos e historias reais, asombrosas para os cativos, ao contradicir a súa concepción inicial do "lobo feroz". Estes procedementos constituíron o punto de arranque para a elaboración da "Lobopedia", un libro persoal que recompilou as aprendizaxes abranguidas.

Doutra banda, a nivel comunicativo, empregáronse notas informativas e un "Boletín de recursos dixitais", enviado á casa con carácter periódico. Utilizáronse os códigos QR para maior comodidade, pois algunha familia só dispoñía de acceso a internet vía móbil.

- **Fase 3. Conclusións:** A implicación familiar acorde a esta fase baseouse na comunicación de aspectos relacionados co proceso seguido e resultado final. Así, utilizouse "a Lobopedia" e o DVD "Lembranzas do lobo" no que se recolleron as fotografías tiradas durante a evolución da investigación.

CONCLUSIÓNS

A acción titorial constitúe unha peza capital na construción dun vieiro interactivo eficaz coa familia, guiado por dinámicas conxuntas para a consecución do desenvolvemento integral do alumno. Isto orixina a necesidade de artellar experiencias de cooperación holística, apoiadas na creación de espazos de contacto virtual, de maneira que se impregne cada acción cunha mesma mensaxe nacendo unha ensinanza coherente e optimizada. O proxecto descrito, nesta liña, entraña a multiplicación

de canles de colaboración familiar con resultados satisfactorios en canto á aprendizaxe e motivación dos nenos, constituíndo unha ferramenta idónea dende unha perspectiva titorial aberta á participación parental na aula.

REFERENCIAS

- BRONFENBRENNER, U. (1987). *La ecología del desarrollo humano*. Barcelona: Paidós.
- Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Funcionamento da Reforma Educativa. BOE, nº 187 de 6 de agosto de 1970.
- Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. BOE, nº 238 de 4 de outubro de 1990
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. BOE, nº 106 de 4 de maio de 2006.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. BOE nº 295, do 10 de decembro de 2013. BOE, nº 299 de 14 de decembro de 2017.
- Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. DOGA, nº 206, do 21 de outubro de 1996.